

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS EN MATERIA DE ESTRATEXIA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ECONOMÍA CIRCULAR NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, cargo para o que foi nomeada por Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en uso das competencias que lle son propias, outorgadas polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

E doutra parte, Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, cargo para o que foi nomeado por Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en uso das competencias que lle son propias, como presidente do Servizo Galego de Saúde, outorgadas polo artigo 3.2 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica suficiente e poder bastante para subscribir o presente protocolo xeral de colaboración para promover a concienciación social sobre a importancia da reciclaxe e a correcta separación dos residuos na representación que ostentan, e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- O cambio climático constitúe unha ameaza cuxos efectos teñen repercusión sobre múltiples aspectos de carácter global como son, entre outros, o desenvolvemento sustentable, a economía mundial, a xestión dos recursos naturais ou a saúde. Este carácter universal, tanto das causas como dos efectos, provoca que sexa indispensable achegar unha



resposta multilateral fundamentada na acción conxunta de todos os países de acordo co principio das responsabilidades comúns pero diferenciadas.

Segundo.- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Dentro desta consellería, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá, entre outras, as competencias no impulso de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

Cuarto.- O 3 de outubro de 2019 o Consello da Xunta de Galicia aprobou da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía (EGCC2050), como instrumento planificador na loita fronte ao cambio climático e a transición enerxética na nosa Comunidade, de cara ao horizonte temporal 2050.

Dentro deste ámbito a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 no seu marco de planificación, recolle unha liña 31 específica para unha Administración pública exemplar en materia de cambio climático. Para que a política da Xunta de Galicia en materia de cambio climático sexa percibida máis favorablemente pola sociedade, é importante que todos os departamentos da administración avancen na concepción e aplicación de accións destinadas a reducir o seu impacto en materia de cambio climático.

Quinto.- A loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sustentable leva, entre outras cuestións, a substituír o modelo de consumo actual lineal baseado na extracción de recursos, produción de bens, consumo dos mesmos e xeración de residuos, por un sistema de



desenvolvemento e crecemento que permita optimizar a utilización dos recursos, materias e produtos dispoñibles mantendo o seu valor no conxunto da economía durante o maior tempo posible e no que se reduza ao mínimo a xeración de residuos, concepto que se bautizou co termo de economía circular.

A estratexia de economía circular galega é o marco de actuación para promover a transición da Comunidade Autónoma cara a unha verdadeira economía circular, segundo as premisas impostas no ámbito comunitario.

Para tal efecto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Servizo Galego de Saúde, subscribiron no ano 2021 un Acordo de colaboración para desenvolver a Estratexia de Economía Circular no organismo autónomo que finalizou o 31 de decembro dese mesmo ano.

Por outra banda, rematada a vixencia do antedito acordo, o Servizo Galego de Saúde asumiu o compromiso de elaborar a “Estratexia de Economía Circular” do organismo autónomo e, adicionalmente, traballar conxuntamente no desenvolvemento das liñas de traballo de Saúde e Clima de aplicabilidade específica no ámbito da atención sanitaria e saúde.

Sexto.- O artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

O Servizo Galego de Saúde está adscrito á consellería competente en materia de sanidade, que exerce a súa dirección e control.

Sétimo.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia, así como que a colaboración ou cooperación



consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencia, sendo compatible a colaboración ou cooperación coa compensación dos custos reais en que unha das partes incorrese.

Por todo iso, as partes comparecentes acordan subscribir o presente acordo de colaboración de conformidade cos termos e condicións establecidas nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto a regulación das relacións de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Servizo Galego de Saúde para a posta en marcha de iniciativas no marco da "Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde" e a cooperación en materia de clima e saúde.

O obxecto do acordo abrangue desde a posta en marcha de liñas de investigación, estudos de viabilidade ou de impacto da implantación de programas, ata a implementación efectiva de mecanismos e estratexias de economía circular e a avaliación do seu impacto tanto no Sistema Público de Saúde de Galicia coma nas persoas usuarias.

Segunda.- Finalidade

O obxectivo primordial da colaboración entre as partes é o de velar pola saúde da cidadanía a través dunha xestión eficiente dos recursos que contribúa a sostibilidade do sistema sanitario. Neste ámbito, a situación de cambio climático que estamos a vivir a nivel mundial, e que pon en risco a saúde das persoas, fai necesario apostar por un sistema sanitario máis sustentable e respectuoso co medio ambiente.

A Consellería de Sanidade asume coma un reto fundamental o de afondar na sostibilidade da xestión do sistema público de saúde a través da minimización da produción de residuos e a adopción de medidas eficaces para acadar unha xestión integral dos producidos orientada á valorización material ou, subsidiariamente, enerxética, e a redución ao mínimo da



eliminación, tendo en conta as especiais características e potencial perigosidade que poden revestir os residuos sanitarios.

A desagregación das tarefas e as actividades a desenvolver para a consecución da antedita finalidade consta como Anexo a este Acordo.

Terceira.- Compromisos das partes

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático asume como compromiso contribuír ao financiamento das actividades previstas no obxecto do presente acordo coa suma que se indica na cláusula cuarta, así coma facilitar información e orientación técnica necesarias para a axeitada articulación das actividades previstas.

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- Levar a cabo o deseño e implementación das iniciativas dentro da "Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde", segundo o contido e estrutura sinalados no anexo deste acordo.
- Asumir a cobertura das necesidades de medios materiais e humanos necesarios para levar a cabo as iniciativas previstas no presente acordo, así como a adxudicación dos contratos ou encargos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, se é o caso.

Adicionalmente, o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comprométense a traballar conxuntamente no desenvolvemento das liñas de traballo de Saúde e Clima de aplicabilidade específica no ámbito da atención sanitaria e saúde relacionadas coas actividades que se recollen no anexo deste acordo, mediante a constitución dos grupos de traballo que resulten necesarios.

Cuarta.- Financiamento

A efectos do financiamento, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático aportará a suma de 170.000 €, repartidos por anualidade segundo a táboa seguinte, con cargo á aplicación 06.02.541E.640.1, proxecto 2024 00212, durante o período de vixencia do acordo, e condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.



Ano	Cantidade (€)
2024	50.000
2025	60.000
2026	60.000

Dita cantidade, unicamente cubre o custo das actividades previstas no Anexo a este acordo, sen que ningunha das partes obteña beneficio ou vantaxe económica daquelas.

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, xunto coa documentación pertinente para que se leven a cabo as modificacións orzamentarias que correspondan, se é o caso.

Quinta.- Relacións laborais

A subscrición deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha á Consellería de Sanidade ou o Servizo Galego de Saúde, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste acordo.

Sexta.- Publicidade

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no mesmo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Sétima.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento



de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, polo que se rexerá polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación, considerándose incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Para a resolución das discrepancias que se poidan producir será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, do 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro.

Novena.- Comisión de Seguimento

Créase unha Comisión mixta de seguimento para atender ao adecuado desenvolvemento do acordo de colaboración, que terá entre as súas funcións:

- Determinar se fóra necesario, o obxecto e importe dedicado a cada unha das actuacións a executar con cargo ao presente acordo, sempre con suxeición ao obxecto e financiamento máximo establecido no mesmo.
- Efectuar o seguimento no avance de cada unha das actuacións.
- Resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento das cláusulas deste acordo.

Esta comisión mixta de seguimento estará formada:

- Por parte do Servizo Galego de Saúde
 - A persoa titular da Vicexerencia do Servizo Galego de Saúde
 - A persoa técnica responsable do proxecto
- Por parte da Consellería Medio Ambiente e Cambio Climático:
 - Subdirector/a xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral



– A persoa técnica da subdirección xeral responsable do proxecto

A representación nesta Comisión de Seguimento dos anteriores representantes poderá ser delegada de xeito expreso.

O réxime de funcionamento e os acordos da comisión axustaranse ao establecido no capítulo II Sección Terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Vixencia

A vixencia deste acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, cun período máximo de 2 anos, sen prexuízo de que antes da súa finalización se acorde polas partes unha addenda ao acordo na que se fixará unha prórroga do mesmo que non excederá doutros 2 anos e, se fora o caso, os novos compromisos das partes na prórroga, e o orzamento asociado.

As partes poderán modificar, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o acordo en calquera momento.

En todo caso, este acordo de colaboración queda condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na cláusula cuarta (financiamento).

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo dixitalmente

Pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Polo Servizo Galego de Saúde

Ángeles Vázquez Mejuto

Antonio Gómez Caamaño



ANEXO

Liñas de traballo de Saúde e Clima de aplicabilidade específica no ámbito da atención sanitaria e saúde

- A1: Elaboración de indicadores para o “Observatorio Galego de Saúde e Clima” (proxecto enmarcado na New European Bauhaus Galicia), que sirvan para o seguimento e avaliación dos efectos dos determinantes medioambientais, especialmente os derivados do cambio climático, na saúde como instrumento orientador das políticas de prevención, protección e adaptación ao cambio climático.
- A2: Colaboración nas liñas de traballo marcadas na “Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050”, especialmente aquelas encamiñadas a lograr unha Xunta neutra en emisións: elaboración tanto do inventario de emisións, directas e indirectas, como a avaliación das medidas de mitigación ou compensación, no seu caso, das diferentes instalacións do Servizo Galego de Saúde.
- A3: Colaboración con Meteogalicia para a determinación dos condicionantes climáticos a ter en conta na planificación de infraestructuras de saúde.
- A4: Formación dos profesionais da saúde en clima e saúde, para que sexan empoderadores da poboación xeral.
- A5: Elaboración dun manual de comunicación en clima e saúde para establecer unha comunicación efectiva na poboación galega no ámbito sanitario.
- A6: Colaboración na participación en conferencias temáticas nacionais e internacionais, cumios e mais congresos relacionados co cambio climático, saúde e clima.
- A7: Organización de conferencias temáticas e/ou eventos temáticos conxuntos.

